



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

ISSN 1989-3299

Nº 704 Semana do 14 ao 20 de novembro de 2016



O SINDICATO NON FAI TANTO FINCAPÉ NA ESTRUCTURA DO NOVO EXECUTIVO COMO NOS RETOS E CAMBIOS QUE DEBE ASUMIR CON URXENCIA PARA MUDAR O RUMBO

UGT-GALICIA ESÍXELLE AO NOVO GOBERNO DA XUNTA UN CAMBIO DE ORIENTACIÓN DE POLÍTICAS ECONÓMICAS PARA XERAR MÁIS CRECEMENTO, EMPREGO DE CALIDADE E A DIMINUCIÓN DAS DESIGUALDADES

Redacción.- Para a Comisión Executiva de UGT-Galicia, non importa tanto a estrutura do novo Executivo, que este luns tomou posesión, como a necesidade de que este asuma os cambios necesarios para mudar o rumbo da situación actual e tratar de consolidar un cambio das políticas económicas, co obxectivo de garantir un novo modelo de crecemento máis equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade e que avance na diminución das desigualdades.

UGT-Galicia urxe ao novo Goberno da Xunta a que asuma unha serie de eixos de actuación que pasan por un plan de impulso da actividade económica, cambiando austeridade por crecemento; un plan de emprego vinculado tanto ao crecemento como a cobertura de necesidades sociais; un plan industrial de carácter estratéxico e de catro anos; un plan estratéxico de infraestruturas; un plan de ingresos públicos que recupere unha parte do perdido dende o 2009; un plan de incremento do gasto social para rexenerar os recursos destinados a sanidade, educación, a protección das persoas dependentes, a protección social e as políticas de igualdade e todo o que conforma o denominado estado de benestar.

Neste contexto, é necesario un novo modelo fiscal máis xusto e progresivo. Unhas contas públicas ao servizo das persoas nas que a Xunta renuncie á austeridade e utilizar os incrementos dos ingresos como fórmula para mellorar a sustentabilidade das contas públicas e non actuar sobre os gastos públicos.

A aposta polo emprego de calidade debe ser prioritaria, o que esixe un cambio das políticas de emprego porque as actuais xa demostraron a súa ineficacia. As políticas activas de emprego deben destinarse a elevar a empregabilidade das persoas desempregadas, non a bonificar a contratación das empresas.

A loita contra a pobreza tamén debe ser un obxectivo e, para iso, hai que traba-

llar na liña da recuperación das prestacións sociais.

O desequilibrio das mulleres no mercado laboral esixe dun Plan galego de emprego feminino, xunto con políticas activas de emprego máis efectivas, o desenvolvemento lexislativo dos plans de igualdade, unha lei de igualdade salarial e establecer unha conciliación corresponsable.

En materia de seguridade e saúde laboral, demándanse estes dous aspectos como un dereito fundamental e, para garantilo, é preciso promover a implantación de políticas preventivas.

A defensa dos servizos públicos debería ser prioritaria. Urxe un pacto pola educación, sanidade, xustiza e os servizos sociais

A defensa dos servizos públicos é prioritaria nesta lexislatura. Sanidade, educación, servizos sociais, transporte, seguridade, vivenda, xunto cos sistemas de seguridade social ou de pensións e protección do desemprego constitúen a base do estado de benestar. Neste senso, urxe un pacto pola educación, a sanidade, a xustiza, os servizos sociais e os servizos públicos en xeral.

No eido produtivo, urxe salvar o sector primario a través dun modelo racional e rendible de produción leiteira, de explotación racional do monte e de ocupación laboral na vixilancia e extinción para salvar o sector e deter o proceso de desertización do campo.

No sector pesqueiro as políticas deben abordar a situación dos descartes, facer unha aposta de país para manter a pesca artesanal e a acuicultura pode ser unha das actividades que complementen a pesca extractiva.



Plan industrial estratéxico e incremento do investimento en I+D+i

A política industrial debe ser recuperada como elemento esencial do novo modelo de desenvolvemento sostible, prestando atención aos sectores máis dinámicos e aos de maior valor engadido e contido tecnolóxico, fomentando a innovación e apostando pola formación. Neste senso, urxe un plan industrial de carácter estratéxico que persiga recuperar o nivel de actividade e de emprego perdido, acadando o 20 por cento do PIB en 2020.

Todo isto debe ir acompañado do incremento do investimento en I+D+i porque esta é a clave para crear emprego de calidade. Hai que avanzar na estratexia da UE de destinar o 2 por cento do PIB a esta materia.

Os Orzamentos de 2017 deberían converterse nun instrumento ao servizo do demandado cambio de orientación de políticas

Para garantir que o demandado cambio de orientación de políticas se faga efectivo, o novo Executivo ten nos Orzamentos de 2017 o instrumento clave. As contas públicas do vindeiro exercicio deberían orientarse para garantir un novo modelo de crecemento máis equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade e que avance na diminución das desigualdades.

UGT e CCOO PROPOÑEN AUMENTOS SALARIAIS DE ENTRE O 1,8% E O 3%

Defenden melloras para soste o crecemento económico

Redacción.- UGT e CCOO trasladarán esta tarde á patronal a necesidade de que os incrementos salariais para 2017 móvanse nunha franxa entre o 1,8% e o 3% e permitan obter ás traballadoras e aos traballadores claras ganancias de poder de compra, compensando en parte a importante perda producida polas políticas de desvalorización salarial aplicadas desde 2010. As organizacións sindicais consideran que a mellora dos salarios é imprescindible para soste o consumo e o crecemento económico, reducir as desigualdades e os niveis de pobreza e exclusión social, e para repartir de maneira máis xusta os froitos do aumento actual e futuro do Produto Interior Bruto (PIB), así como, para fomentar a creación de emprego ou elevar os ingresos da Seguridade Social.

UGT e CCOO destacan que o escenario económico no que se desenvolverá a negociación salarial en 2017 vén definido por unha situación de crecemento da economía española que, aínda que está a rexistrar una certa desaceleración no seu ritmo, supoñerá o cuarto ano consecutivo de crecemento do PIB e advirten de que os maiores riscos que se presentan neste momento son a evolución dos prezos do petróleo, o impacto do Brexit e a ausencia dunha política fiscal máis expansiva, que termine dunha vez coa nefasta estratexia da austeridade practicada desde 2010.

Para os sindicatos, este ciclo expansivo mostra tres carencias que están a impedir que os seus efectos positivos cheguen a todo o mundo e que se consolide unha senda de desenvolvemento sustentable e duradeira: a mala calidade do emprego que se crea (a precariedade como modelo de crecemento), a desvalorización salarial sufrida desde 2010 e o aumento das desigualdades e das situacións de pobreza relativa e exclusión social.

Unhas características que son a consecuencia dun modelo de crecemento esgotado, baseado na continua contracción dos custos laborais, que apenas logra aumentos de competitividade -e os que consegue son rapidamente absorbidos- e xera un crecente empobrecemento da clase traballadora, ou o que é o mesmo, da maioría da poboación.

Neste contexto, UGT defende que ese modelo inxusto e empobrecedor de crecemento ten que terminar e, para iso, é necesario que a política económica -da cal a política salarial é unha peza esencial- dirixase a lograr tres obxectivos centrais: reforzar o crecemento económico, para que xere máis emprego e de maior calidade; axudar ao cambio de modelo produtivo, para facelo máis equilibrado, eficiente e sustentable; e reducir os niveis de desigualdade e pobreza.



Neste sentido, é fundamental que os salarios gañen poder de compra e que gañen participación na distribución primaria da renda, a que se realiza na negociación colectiva, algo que ademais servirá para:

1. Reforzar o crecemento económico e axudar a crear emprego. Este argumento deféndeno xa mesmo organismos internacionais que viñeron promovendo a desvalorización salarial, como o Banco Central Europeo, que reclamou recentemente que a política salarial pase a ser máis expansiva, certificando o fracaso das políticas de austeridade extrema.

2. Para que os salarios recuperen parte do poder de compra perdido durante a crise, que a pesar do aumento dos últimos anos propiciado por unha inflación negativa, sitúase en -4,8 puntos porcentuais desde 2009. Unha perda salarial que, ademais, castigou máis ao 30% de traballadores con menores salarios e peores postos de traballo, que son os que máis contribúen proporcionalmente co seu consumo ao crecemento da economía.

3. Para contribuír a cambiar o modelo de crecemento, baseado na continua caída dos custos laborais. De 2009 a 2015 os custos laborais unitarios caeron en España 6,3 puntos porcentuais, mentres que os da media da eurozona aumentaron 4,8 puntos. Esta redución de custo aumentou a competitividade de poucas empresas, mentres xerou un cuantioso transvasamento de rendas dos asalariados ás sociedades.

4. Para equilibrar a repartición da renda. En conxunto, de 2010 a 2015 a remuneración dos asalariados caeu en 31.100 millóns de euros, mentres que as rendas empresariais e da propiedade aumentaron en 7.100 millóns. En canto ás empresas non financeiras, saíron moi beneficiadas en termos relativos da crise: de 2006 a 2015 gañaron 6,3 puntos de participación no VAB, que é o que perderon as rendas salariais. É dicir, que se produciu un cuantioso transvasamento de rendas dos traballadores ás empresas.

5. Para reducir as desigualdades e loitar

contra a pobreza. España mantén niveis de desigualdade económica e de pobreza e exclusión social dos máis altos da Unión Europea, e agudizáronse desde 2010. En especial, aumentaron os traballadores en situación de risco de pobreza, que xa supoñen o 13,1% da poboación traballadora, o nivel máis elevado da UE tras Romanía e Grecia.

6. Para elevar os ingresos da Seguridade Social, que non se están recuperando como deberían na situación actual de crecemento económico a causa, entre outras razóns, da mala calidade do emprego xerado, que leva salarios moi baixos e, por tanto, bases de cotización reducidas.

Cráterios salariais para 2017

Neste escenario, e no marco do III Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) 2015-2017, UGT e CCOO manteñen que os incrementos salariais pactados para 2017 deben crecer por encima da inflación, e tendo en conta que a previsión dun aumento medio da inflación de consumo para 2017 é do 1,3%, este debe ser un chan irrenunciable para os incrementos salariais.

Ademais de gañar poder de compra, as rendas salariais deben gañar participación sobre a repartición da renda. Iso supón trasladar a salarios todos os aumentos de produtividade laboral, que para 2017 estímase no 1,6% en termos nominais (produtividade real + inflación). Só aumentos salariais a nivel agregado superiores a este dígito permitirán que a participación das rendas salariais no PIB aumente.

Por último, é necesario incluír nos convenios unha cláusula de garantía para o caso de que a inflación a final de ano sexa superior á prevista, para evitar que un aumento dos prezos superior ao estimado inicialmente termine por absorber a ganancia de poder adquisitivo pactada. Porque os traballadores e as traballadoras non poden terminar pagando do seu peto a incidencia sobre os prezos de factores que nada teñen que ver con eles e que non controlan.

A OIT DÁ A RAZÓN A UGT E CONSTATA A REPRESIÓN DO EXERCICIO DO DEREITO DE FOLGA EN ESPAÑA

Confirma a vulneración dos convenios de liberdade sindical e dereito a folga

Redacción.- A Organización Internacional do Traballo (OIT) deu a razón a UGT e CCOO ao constatar que o artigo 315.3 do Código penal e a aplicación práctica do mesmo que realizou o Ministerio Fiscal e as xurisdicións penais na última lexislatura, vulnera -e séguese facendo tras a reforma do 2015- os convenios 87, 98, 135 e 151 da OIT relativos ao dereito de liberdade sindical e dereito de folga. A OIT constata que a aplicación do 315.3, que levou ao encausamento de case 300 traballadores, previa sancións excesivamente elevadas, carecía de suficiente precisión e era fonte de inseguridade xurídica, determinando condenas desproporcionadas e non tendo en conta nin o dereito de folga nin a necesidade de protexer este dereito fundamental.

O Comité de Liberdade Sindical da OIT (CLS), na reunión dos días 27, 28 de outubro e 10 de novembro de 2016, constatou que nun contexto de crecente conflitividade social e as reformas laborais realizadas en España desde 2010 levaron a convocar a UGT e CCOO varias folgas. Por parte das autoridades policiais, o Ministerio Fiscal e determinados órganos xudiciais da Orde penal que conduciron a unha represión penal excesiva, vulnerando devandito dereito de folga, ao iniciarse a apertura de procedementos penais ou administrativos en 12 comunidades autónomas e 81 procedementos sancionadores ou imputacións penais no ano 2014, todas elas no exercicio do dereito de folga ou dereitos colectivos.

No seu informe núm. 380 o CLS, (páxs. 136-152) considera que o art. 315.3 do Código penal, que se aplica principalmente ás actuacións dos piquetes de folga, a redacción anterior á reforma do ano 2015 do art. 315.3 do CP, previa sancións excesivamente elevadas, carecía de suficiente precisión e era fonte de inseguridade xurídica, determinando condenas desproporcionadas e non tendo en conta nin o dereito de folga nin a necesidade de protexer este dereito fundamental.

Tamén constata que a redacción de novo, tras a reforma do Código penal do 2015, segue vulnerando o dereito de folga, xa que non contén elementos que definan os comportamentos que constitúen unha coacción no contexto dunha folga, nin tampouco os criterios polos que o órgano xudicial pode impoñer unha pena de prisión.

Neste sentido, o Comité pídelle ao Goberno de España que “convide á autoridade competente a que examine o impacto da reforma de 2015 do art. 315.3 do CP e que informe do resultado deste exame aos interlocutores sociais”.

Ademais, o Comité lembra ao Goberno de España que “non deberían impoñerse sancións penais por actos de folga, salvo nos casos en que non se respecten as prohibicións relativas á folga de conformidade cos principios da liberdade sindical”, polo que este dereito, o dereito de folga é o que hai que protexer, segundo UGT e CCOO, xa que, “calquera sanción imposta por actividades ilegítimas relacionadas con folgas deberían ser proporcionadas ao delito ou falta cometido e as autoridades deberían excluír o recurso a medidas de encarceramento contra quen organiza ou participan nunha folga pacífica”.

Constátase tamén que dos 81 procedementos abertos en 2014, ningún deles corresponden a actos de violencia, e sinalalle ao Goberno que tome en consideración que “o recurso frecuente a procedementos penais no ámbito das relacións colectivas de traballo non contribúe ao mantemento dun sistema de relacións laborais estable e armonioso”.

Ademais sinala que as achegas sobre a natureza constitucional dos piquetes de folga determinados nas sentenzas do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo deben ser amplamente difundido polo Goberno.

Sobre a imputación dos delitos aos representantes sindicais polo mero feito de selos, o Comité sinala que non se debe imputar penalmente a ningún dirixente por un feito ilícito labor durante unha folga, “salvo que se base en elementos concretos que apunten á participación da devandita persoa no feito denunciado”.

Tamén considera reprochable a dilación na resolución dos procesos penais. O Comité lembra que “un excesivo atraso pode ter un efecto intimidatorio nos dirixentes sindicais e repercutir no exercicio das súas actividades”, polo que lle pide ao Goberno de España que o mantéña informado sobre a pronta resolución dos procedementos pendentes.



Un xoves máis concentración en Vigo para demandar o “Indulto xa!!!” para Carlos e Serafín

Igualmente, pide explicacións polos casos nos que representantes sindicais foron condenados, sen que conste a realización de ningún acto violento, e que informe sobre a situación destas persoas e sobre a solicitude de indulto.

Finalmente, o Comité mantén aberto o procedemento contra España. Pídelle ao Goberno que analice o impacto da reforma do Código penal de 2015 e que informe aos interlocutores sociais das súas consecuencias sobre o dereito de folga.

Estas conclusións obrigan a unha reforma urxente do noso marco penal que sanciona de forma inxustificada o exercicio do dereito de folga. Require tamén revisar os criterios de actuación do Ministerio Fiscal nestes casos e, así como, a práctica xudicial, que conduce a unha demora rechaizable na tutela xudicial da liberdade sindical. Por iso, desde CCOO e UGT emprázase ao Goberno e ás forzas políticas a asumir estas consideracións e adoptar as medidas necesarias que garantan no noso país os dereitos fundamentais de liberdade sindical e de folga.

A OIT APOIA AS ESIXENCIAS DE UGT RECLAMANDO EMPREGOS E SALARIOS DECENTES



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores valora o informe "O emprego atípico no mundo. Retos e perspectivas" publicado pola Organización Internacional do Trabalho (OIT), xa que considera que apoia todas as esixencias do sindicato á hora de demandar empregos e salarios dignos e denunciar os efectos perversos da temporalidade e a precariedade no mercado laboral.

O informe sinala que os empregos atípicos, aqueles que non son fixos e a tempo completo, implican unha maior inseguridade para o traballador e están directamente vinculados a soldos baixos. Desta forma, canto maior é o emprego temporal, maior é a probabilidade de que os traballadores pasen ao desemprego, sendo menos probable a posibilidade de pasar a un emprego mellor.

No noso país, a reforma laboral do PP trouxo consigo a xeneralización dos empregos temporais e precarios. Empregos con escaso valor engadido, indignos, que non xeran nin estabilidade para o traballador nin soldos decentes.

E é que o informe tamén destaca que os traballadores que desempeñan este tipo de traballos están expostos a penalizacións salariais considerables respecto dos

traballadores permanentes en situación comparable. Penalizacións que poden chegar ata o 30%. A economía está a crecer, pero os únicos que se benefician disto son os empresarios, xa que os salarios en España non crecen.

Para UGT, isto está a imposibilitar que a nosa economía se recupere de maneira real para as familias e que as persoas deste país saian da desigualdade e a pobreza na que están instalados debido á dura crise dos últimos anos e ás políticas deste Goberno, que lles impiden consolidar un proxecto de vida.

Ademais, o sindicato considera que este tipo de empregos aumentan as taxas de sinistralidade laboral e enfermidade profesional; impiden atopar outro traballo que complementa o seu salario, debido á variabilidade dos horarios destas modalidades de contratación; xeran unha cobertura insuficiente ou prestacións limitadas durante o desemprego e a xubilación; diminúen as oportunidades de recibir formación no centro de traballo, o que repercute negativamente no desenvolvemento profesional do traballador; e poden excluir, mesmo, do acceso a dereitos de liberdade sindical e negociación colectiva.

Pero non só son os traballadores os prexudicados por estes tipos de empregos. Existen tamén repercusións negativas e pouco beneficiosas para as empresas que abusan deste tipo de contratacións, xa que xeralmente perden produtividade e erosionan gradualmente as competencias da empresa.

Por iso, UGT esixe, en primeiro lugar, un plan de choque polo emprego, derrogar a reforma laboral e repoñer os dereitos perdidos para os traballadores. Só con empregos e salarios dignos poderemos relanzar a economía e que os traballadores saian da desigualdade e a pobreza na que están instalados. O Goberno, coas súas políticas, debe garantir o emprego decente e con dereitos para que as persoas poidan consolidar un proxecto de vida estable e a economía se recupere de maneira real, non só a nivel cuantitativo.

Ademais, resulta fundamental fortalecer a negociación colectiva, co fin de garantir a igualdade de trato para os traballadores con contratos temporais e evitar o abuso dos empresarios; e fortalecer os sistemas de protección social, eliminando ou reducindo os límites mínimos de horas, ingresos ou duración do emprego para poder xerar unha prestación.



AS ORGANIZACIÓNS DO CUME SOCIAL ESIXEN FOMENTAR A TOLERANCIA

Redacción.- No marco do Día Internacional para a Tolerancia, que tivo lugar este mércores, as organizacións integrantes do Cume Social reclamamos aos estados que lexislen para protexer a todos os grupos e persoas da sociedade e convidamos á cidadanía, ás institucións democráticas e aos pobos do mundo a que fagan súa e promovan esta Declaración:

1.- Defender, en todo lugar e momento, o dereito ao respecto á dignidade das persoas, á igualdade de trato e á protección fronte a calquera forma e manifestación de discriminación, acto de intolerancia e conduta relativa á comisión de delitos de odio en relación cos comportamentos de racismo, xenofobia, antisemitismo, islamofobia, cristianofobia, LGTBIfobia, gitanofobia, misoxinia e sexismo, odio ás persoas sen fogar, pola súa condición socio-

económica, pola súa orixe territorial, nacional ou étnico, pola súa lingua, identidade cultural, conviccións relixiosas e ideoloxía, pola súa opinión política ou doutra índole, pola súa idade, profesión, identidade e razón de xénero, polo seu aspecto físico, cor de pel, características xenéticas, por discapacidade intelectual ou física, enfermidade, estado serolóxico ou outros factores de significación das diferentes manifestacións da condición humana, reais ou supostos, así como, aquelas que sexan recoñecidas nos convenios internacionais.

2.- Fomentar a tolerancia e a non violencia mediante programas e institucións nos ámbitos da educación, a ciencia, a cultura e a comunicación e impulsar unha acción conxunta e de solidariedade.

3.- Reclamar a educación para a toleran-

cia como un imperativo urxente, fomentando métodos racionais de ensino da tolerancia que aborden os motivos culturais, sociais, económicos, políticos e relixiosos da intolerancia, é dicir, as raíces principais da violencia e a exclusión.

4.- Exercer a denuncia no Estado de dereito e combater calquera forma e manifestación de discriminación, acto de intolerancia e conduta relativa á comisión de delitos de odio, así como, de calquera discurso de odio en toda forma de expresión.

5.- Convidar e mobilizar a institucións e cidadanía a combater a intolerancia esixindo a protección e mellora e adecuación dos marcos xurídico-legal e político, esixindo unha educación e información apropiada para loitar contra estas secuelas.

O SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL TEN QUE FINANCIARSE, ADEMAIS DE CON COTIZACIÓNS, CON IMPOSTOS

Redacción.- UGT definiu tres eixos básicos para consolidar e garantir o sistema da Seguridade Social que presentará ante a Comisión do Pacto de Toledo: garantir o poder adquisitivo das pensións para que nunha década non nos atopemos cun sistema de pensións mínimas; revisar de forma inmediata as fontes de financiamento e financiar o sistema non só con cotizacións senón tamén con impostos, sen excluír a ningunha pensión do sistema e cun modelo de financiamento para todas; e erradicar o déficit da Seguridade Social, a través das tres propostas do sindicato que aforrarián case 15.500 millóns á Seguridade Social. O sindicato esixirá, ademais, un cambio de orientación nas políticas que emanen do Pacto de Toledo de forma que aborden aspectos que aínda non foron tratados e que establezan como obxectivo fortalecer o sistema e non debilitalo.

A Unión Xeral de Traballadores defenderá na Comisión do Pacto de Toledo tres eixos fundamentais sobre os que, ao seu xuízo, deben pivotar os debates para garantir o sistema público de pensións.

1.- Asegurar o poder adquisitivo das pensións.

Para a revalorización anual das pensións, é necesario aplicar a previsión de inflación máis unha cláusula de revisión a final de ano. Isto pódese conseguir tras a aprobación da Proposición de Lei, que rexistrada pola maioría parlamentaria no Congreso o pasado día 13 de outubro a instancias dos sindicatos, tería efecto en xaneiro de 2017, revalorizando as pensións

sen perda de poder adquisitivo.

Ademais é necesario que se derroque a fórmula que se está aplicando actualmente para a revalorización das pensións, imposta polo Goberno do PP, e que serviu para rebaixar paulatinamente a contía das pensións e, por tanto, o nivel de vida dos pensionistas. En pouco máis de dez anos, o sistema de pensións, coa fórmula actual, converterase nun sistema de pensións mínimas.

2.- Revisión inmediata das fontes de financiamento.

O obxectivo é restituír o equilibrio entre ingresos e gastos da Seguridade Social destruído polas políticas que se adoptaron durante a crise. Para UGT, é necesario que o sistema de pensións, sen excluír a ningunha pensión, finánciese non só con cotizacións senón con impostos. Isto supoñería:

Definir unha exacción fiscal (procedemento polo que o Estado obtén os impostos necesarios para sufragar gastos públicos). É dicir, unha cesta de impostos cuxa recadación se destinaria na súa integridade para financiar o sistema de pensións. Tería un carácter finalista: totalmente ou con maioría de impostos directos (progresiva e redistributiva) e calculada de forma que sempre sexa maior que a diferenza entre ingresos e gastos. Isto permitiría dotar de novo o Fondo de Reserva.



3.- Erradicar o déficit da Seguridade Social

Acabar coas bonificacións á contratación das empresas, financiar os gastos da Seguridade Social desde os PXE (como o resto dos ministerios e organismos públicos) e non desde o propio sistema, e desbrotar as bases de cotización. Tres medidas de euros á Seguridade Social e poderían acabar co déficit, que o Goberno do PP foi aumentando durante estes anos coas súas políticas. Nestes momentos habería superávit e non se tería que tocar o Fondo de Reserva.

Ademais destes tres eixos, UGT propoñerá no Parlamento un cambio de orientación nas políticas que emanen da Comisión do Pacto de Toledo para que as medidas, que deberían ser amplamente consensuadas, aborden moitos outros aspectos de mellora do sistema, que nunca foron tratados e que sirvan para soste-lo, e non debilitar, o sistema público de repartición, tal e como marca a finalidade coa que naceu o Pacto de Toledo recollendo o disposto nesta materia na nosa Constitución.

PAROS EN ATENTO ESTE LUNS CONTRA O CAMBIO DE HORARIOS IMPOSTO POLA EMPRESA

Redacción.- Os traballadores de Atento-A Coruña mobilizáronse este luns para denunciar a imposición unilateral, por parte da empresa, de novos horarios laborais.

A orixe do problema está no cambio de horario de atención comercial de Movistar que pasa de ser de 24 horas a unha franxa de 9 a 22 horas a partir do 14 de novembro.

Por isto, Atento anunciou en outubro un proceso de modificación substancial que, tras o período de consultas, pechouse sen acordo.

Os cambios, que se aplicaron a partir do luns, resultan aberrantes e, incluso, nalgunhas ocasións ilegais ao non respectar situacións de



guarda legal. Nalgúns casos os afectados non os poderán asumir e veranse obrigados a marchar da empresa.

Os paros foron este luns de dúas horas por quenda de traballo. Ademais, ás 12 e ás 18 horas se realizaron concentracións na entrada de Juan Flórez.

A DERROTA DO PP NO CONGRESO DEBE MARCAR O INICIO DUNHA NOVA ETAPA NA POLÍTICA EDUCATIVA DO GOBERNO

Redacción.- A Plataforma en defensa do ensino público de Galicia, da que FeSP-UGT forma parte, valora a aprobación por parte do Congreso da tramitación da Proposición de Lei sobre a suspensión do calendario de implantación da LOMCE.

Lembrar que a proposición presentada aprobouse por 208 votos a favor, 133 en contra e 2 abstencións. Deste xeito, o Parlamento reflicte o rexeitamento maioritario da sociedade ás reválidas e á LOMCE.

As organizacións que conforman a Plataforma insisten que estarán viviantes ao desenvolvemento da iniciativa e anuncian que non renuncian a promover novas mobilizacións se non se avanza no consenso para unha nova Lei.

A Plataforma felicita tamén ás familias, docentes e alumnado que apoiaron a folga e mobilizacións do día 26 de outubro porque, sen dúbida, a súa implicación tivo

moito que ver co que se está a avanzar no Congreso.

O ministro viuse obrigado a convocar a Conferencia sectorial de Educación que debe concluír cunha norma que derroque os efectos do RD 310/20165 que regula as reválidas.

As organizacións que conforman a Plataforma instan ao conselleiro de Educación a que nesa Conferencia defenda o que a comunidade educativa galega lle demandou o pasado 26 de outubro. Ademais, os futuros orzamentos de educación deberían iniciar o camiño da reversión dos recortes sufridos nos últimos anos.

Finalmente, a Plataforma lémbrale tamén aos grupos da oposición o seu compromiso coa derogación da LOMCE e demándanlles que acaden os consensos coa comunidade educativa para a construción dunha nova lei integradora e duradeira.

Oito días de folga no contact center

Redacción.- FeSMC-UGT convoca oito días de folga de 24 horas, o día 28 de novembro e do 5 ao 11 de decembro, no sector do contact center.

Os traballadores do sector denuncian que seguen sen pagar os incentivos en vacacións, pese a que xa hai unha sentenza do Tribunal Supremo que ratifica este punto.

As empresas pretenden seguir recortando horas médicas que afectaría sobre todo aos traballadores de xornada parcial. Ademais, o obxectivo da patronal é non subir nin un euro nestes dous anos que vai de negociación.

Con estas xornadas de folga preténdese demostrar ás empresas a importancia que teñen os traballadores do sector que traballan para a banca, enerxéticas, transportes, telecomunicación ou seguros.

Hoxe xa abriron o calendario mobilizador con concentracións e varias cidades.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>